



# COSTA DE OLEIROS

Adela Leiro, Mon Daporta  
novembro 2018




**Distancia:** 25 km (lineais, en coche) + camiñadas  
**Dificultade:** baixa

O concello de Oleiros ten unha liña litoral de case 40 km. Unha parte na ría do Burgo, outra na ría da Coruña, unha terceira mirando ao mar aberto e outra na boca da ría de Betanzos.

Case toda ela recortada e abrupta, con incontables entrantes e saíntes, a non ser no interior da ría do Burgo que é baixa e lamacenta, nos abrigos das enseadas de Mera e Santa Cruz, que acollen praias de certa entidade, e a frecha de Santa Cristina, resultado da pelexa do mar e o río Mero.

Parte da costa está protexida no LIC "Costa de Dexo e Seixo Branco".



- 1-Punta do Cirro
- 2-Lorbé
- 3-Punta Rabaleira.  
Enseada da Garroteira.
- 4-Punta Torrella
- 5-Cantís da Revolta. Punta da Roza.
- 6-Punta Porrido
- 7-Illote Marolete
- 8-Punta Corval
- 9-Praia e porto de Dexo
- 10-A Marola
- 11-Punta Rasa
- 12-Punta Santo Antón
- 13-Punta Seixo Branco
- 14-Enseada e praia do Canabal
- 15-Punta e illote Monte Meán
- 16-Enseada de Fontenla
- 17-Punta de Mera
- 18-Punta Bufadoiro
- 19-Enseada de Mera
- 20-Praia de Espiñeiro
- 21-Praia de Mera
- 22-Illa do Portelo
- 23-Praia do Portelo
- 24-Morro de Canide
- 25-Praia de Canide
- 26-Punta Camposa
- 27-Praia Margaridas e illa Castelo
- 28-Praia das Trepías
- 29-Punta Boidecanto
- 30-Praia de Porto Naval
- 31-Punta do Corvo
- 32-Porto de Santa Cruz
- 33-Praia de Portocovo (Santa Cruz)
- 34-Castelo de Santa Cruz
- 35-Monte das Covas/Parque Galeras
- 36-Praia Pequena de Bastiagueiro
- 37-Praia Grande de Bastiagueiro
- 38-Punta Fieiteira
- 39-Illa de Santa Cristina
- 40-Praia de Santa Cristina
- 41-Ría do Burgo

## PERCORRIDO

Unha gran parte desta costa é de difícil acceso e exposta, e está despoboadada e incomunicada, as únicas vías que se achegan á beira son as que levan a grupos de casas de verán que, as máis das veces fan de peche que impide achegarse a vela.

Facer un roteiro ao longo do litoral tampouco é posible porque o abandono das parcelas convertíuno todo nunha toxeira impenetrable e moitos peches de fincas non respetan os límites esixidos e impiden a libre circulación. Só é posible facelo nas partes nas que se construíron ou acondicionaron camiños, pero a pesar de todo é merecente de unha visita porque conta con espazos únicos e lugares fermosos aínda que para achegarse a eles haxa que facer máis de unha camiñada.

**Lorbé, punta Torrella, o portiño de Dexo, o Seixo Branco, a punta de Mera, Mera** e as praias da localidade, o miradoiro do **morro de Canide**, a **punta Camposa**, a **punta de Boidecanto**, a **punta do Corvo**, **Santa Cruz** e a súa contorna, as **praias de Bastiagueiro**, a **punta Fieiteira**, as **praias e a frecha de Santa Cristina** e o **paseo pola Pasaxe** ata o Seixo.

O itinerario en coche, sen meternos en sitios complicados, uns 25 km, permitiríanos achegarnos a Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz, Canide, Mera e a punta de Mera, o Seixo Branco e o porto de Lorbé.



1-Punta do Cirro



2- Lorbé, pequeno porto pesqueiro con gran actividade de acuicultura.



Lorbé, Pena Roxa.



### **COSTA DE DEXO-SERANTES (SEIXO BRANCO)**

Tramo de costa comprendida entre o porto de Lorbé e a Punta do Bufadoiro (Mera). A costa presenta un perfil irregular con zonas de cantís, de entre 25 e 40 m, moi recortados entre os que se atopan zonas de pendentes suaves e pequenas calas; e varios illotes rochosos entre os que destacan A Marola e O Corval. As rochas dominantes son os xistos con gran variedade de diques, fracturas e pregues.

As puntas de Dexo e Seixo Branco está declaradas Monumento Natural.




Enseada da Garroteira,  
entre as puntas Rabaleira e Torrella.

3-Punta Rabaleira



Punta  
Torrella



4-Punta  
Torrella e  
O Serrón  
da Torrela



Vista desde Punta Torrella



5-Cantis da Revolta. Punta da Roza.



6-Punta Porrido



7-Illote Marolete




8-Punta Corval



Dexo.




9-Praia e porto de Dexo.



10-A Marola



11-Punta Rasa




12-Punta Santo Antón



Vista desde a punta de Santo Antón



13-Punta Seixo Branco. Formada por xistos de foliación moi marcada cun dique de aplita branca da que recibe o nome.





14-Enseada e praia do Canabal e punta do Seixo Branco.



Pedras de Monte Meán



15-Punta e illote Monte Meán



16-Enseada de Fontenla e punta de Mera



### RÍA DA CORUÑA

É unha ría curta e ampla, que se abre entre a punta de Mera e a Punta Herminia, cunha separación de 4 km, e unha lonxitude total de 14 km, dos que case a metade corresponden á chamada ría do Burgo formada polo esteiro do Mero, que está separada da parte máis ancha pola frecha de Santa Cristina.

As rochas da banda oriental son xistos que lle dan ao releve formas suaves, mentras que as da beira occidental son granitos que se erosionan en penedos e bolos e forman relevos máis abruptos.



O Faro de Mera e a Torre de Hércules son as luces que sinalan os límites da Ría da Coruña.



17-Punta e enseada de Mera



18-Punta Bufadoiro




20-Praia de Espiñeiro



21-Praia de Mera. Um areal de 430 m de lonxitude situado en pleno casco da vila pesqueira e turística de Mera.



Mera desde a punta do Portelo



22-Illa do Portelo



23-Praia do Portelo



24-Morro de Canide



25-Praia de Canide



26-Punta Camposa



Illa do Castelo



27-Praia das Margaridas e illa do Castelo Grande



Praia das Margaridas



Punta Coudelos e ao fondo castelo Grande



28-Praia das Trepias



29-Punta Boidecanto







30-Praia de Porto Naval



A Punta do Corvo está incluída no catálogo de Lugares de Interesse Xeolóxico pola tipoloxía dos seus sedimentos.



Praia na punta do Corvo



31-Punta do Corvo



32-Porto de Santa Cruz



33-Praia de Portocovo (Santa Cruz)





34-Illa de Santa Cruz. O castelo acolle o Centro de Estudos Medioambientais.



Piñeiro de Monterrei da Illa de Santa Cruz. Incluído no Catálogo de Árbores Senlleiras da Xunta de Galiza.



35-Monte das Covas/Parque Galeras



36-Praia Pequena de Bastiagueiro



37-Praia Grande de Bastiagueiro, de 580 m de lonxitude.



38-Punta Fieiteira



39-Illa de Santa Cristina, coa praia, e A Coruña ao fondo



40-Praia de Santa Cristina. Aséntase na frecha que separa a ría do Burgo da de A Coruña, orixinada polo enfrontamento entre a ondada do mar e as achegas do río Mero.



41-Ría do Burgo. Perillo e a ponte da Pasaxe.